

Resolución reitoral pola que se convocan os premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero e/ou feminista nos traballos de fin de estudos de grao, de máster universitario e de teses de doutoramento da Universidade de Vigo, curso 2024/2025.

A Universidade de Vigo ten un compromiso firme coa promoción da igualdade de xénero, que se fixa no artigo 2.6 dos seus estatutos onde se establece entre os seus fins «contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na cal se respecte a igualdade entre mulleres e homes».

O III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo, actualmente en vigor, dispón entre os obxectivos do Eixe 3. Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación e impulsar a investigación con perspectiva de xénero e a súa transferencia á sociedade.

Segundo estas liñas programáticas, a Universidade de Vigo convoca Premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de estudos de grao, de máster universitario e de teses de doutoramento da Universidade de Vigo co obxectivo de incentivar a investigación en xénero e os estudos feministas e de recoñecer, difundir e premiar os mellores traballos desas características realizados polo seu alumnado.

Egeria foi unha escritora galega do século IV que acadou grande sona pola súa viaxe de tres anos a Terra Santa e que relatou na obra *Itinerarium*. Foi unha das primeiras peregrinas da historia e a primeira galega que exerceu de cronista de viaxes.

Itinerarium é un diario de viaxe escrito en latín. A narración das súas experiencias, escrita nun estilo narrativo epistolar a unhas mulleres, fai da súa obra o primeiro relato de viaxes a Oriente procedente dunha escritora cristiá. Foi escrito no derradeiro terzo do século IV cando a autora percorreu estes territorios. O manuscrito incompleto, foi descuberto en 1884 en Arezzo (Italia) e publicado por primeira vez en 1887.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero en traballos de fin de estudos de grao, de máster universitario e de teses de doutoramento da Universidade de Vigo que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger



CSV : GEN-4706-e8b0-1019-391f-7bdf-5a13-9378-6479

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 17/09/2025 10:04 | NOTAS : F

ANEXO I

BASES QUE REGULAN OS PREMIOS EGERIA Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO E/OU FEMINISTA NOS TRABALLOS FIN DE ESTUDOS DE GRAO, DE MÁSTER E DE TESE DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**1. OBXECTO**

O obxecto desta convocatoria é recoñecer, difundir e premiar os mellores traballos de fin de estudos de grao (TFG), de máster universitario (TFM) e de tese de doutoramento (TD) que inclúan a perspectiva de xénero e/ou feminista realizados polo estudantado da Universidade de Vigo.

- Convócase 1 premio de TFG por cada un dos seguintes grupos:
 - Rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
 - Rama de Ciencias, rama de Ciencias da Saúde e rama de Enxeñaría e Arquitectura
 - Rama de Artes e Humanidades
- Convócase 1 premio de TFM por cada un dos seguintes grupos:
 - Rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
 - Rama de Ciencias, rama de Ciencias da Saúde e rama de Enxeñaría e Arquitectura
 - Rama de Artes e Humanidades
- Convócanse 2 premios de tese de doutoramento para todas as ramas.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar este premio o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Posuír nacionalidade española, nacionalidade comunitaria acreditando a residencia continuada, ou extracomunitaria acreditando a residencia legal en España no prazo de presentación de solicitudes (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- b) Cumprir unha das seguintes condicións:
 - i. Ter superado o traballo fin de grao ou máster universitario durante o curso 2024/2025 na Uvigo cunha cualificación mínima de 9 puntos.
 - ii. Defender a tese entre o 1 de outubro de 2024 e o 30 de setembro de 2025 coa cualificación de Sobresánte CUM LAUDE.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro.

3. INCOMPATIBILIDADES

Os premios que se establecen nesta convocatoria son incompatibles con calquera outro premio ou axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

CSV : GEN-4706-e8b0-1019-391f-7bdf-5a13-9378-6479

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 17/09/2025 10:04 | NOTAS : F



1. Os fondos destinados a este premio irán cor cargo á aplicación orzamentaria 2025 0000 421SXEN 482.12 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 5.300 €, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual máxima de cada premio será:

- 500 € no caso dos TFG
- 600 € no caso dos TFM
- 1.000 € no caso de Tese de doutoramento

Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

No caso de que non exista crédito suficiente para outorgar a contía establecida á última persoa seleccionada, esta recibirá o importe restante ata o esgotamento do crédito, sen prexuízo de que no caso de que se produza algunha renuncia se lle complete ata a contía prevista.

3. O pagamento realizarase mediante transferencia á conta bancaria en España indicada pola persoa beneficiaria na solicitude da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1 As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/14803 **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica estudantes (SXER) existente na sede ([enlace](#)) poñendo en **asunto** «Premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero e/ou feminista en TFG, TFM e TD», achegando só o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle para que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **9 de outubro de 2025, ás 23:59 h** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- a) O TFG/TFM/TD en formato pdf ou enlace ao repositorio.
- b) Resumo do traballo, en formato pdf, de máximo 500 palabras.
- c) Breve informe da dirección/titoría do traballo xustificando que este inclúe a perspectiva de xénero.
- d) O estudantado que non teña nacionalidade española
 - documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea ou
 - tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estada por estudos) de cidadán/a extracomunitario.



Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará **a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.**

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Calidade do traballo presentado: máximo 30 puntos
- Relevancia da súa temática e metodoloxía: máximo 25 puntos
- Aplicabilidade das achegas feitas polo estudo: máximo 15 puntos
- Uso da linguaxe inclusiva: máximo 15 puntos
- Referenciación bibliográfica e fontes¹: máximo 10 puntos
- Uso da lingua galega: máximo 5 puntos

Non poderá ser seleccionado ningún traballo que non acade **a puntuación mínima de 50 puntos.**

No caso de resultar vacantes nalgún grupo poderá ser adxudicado á persoa con maior puntuación das listas de agarda, dándolle prioridade ás solicitudes de teses de doutoramento, ata esgotar o crédito orzamentario.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Gloria María Pena Uris, profesora titular de universidade no Departamento de Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción

Vogais:

- María de los Ángeles Fernández Villarino, profesora titular de universidade no Departamento de Didácticas especiais.
- María Yolanda García Vázquez, profesora axudante doutora de universidade no Departamento de Análises e Intervención Psicosocioeducativa.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora tivese que examinar as solicitudes, algún/ha dos/das compoñentes non puidese asistir, substituirase pola persoa que

¹ Tendo en conta que as normas APA non incorporan a perspectiva de xénero na referenciación bibliográfica, pode presentarse un anexo coa bibliografía incorporándoa.



para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta ao reitor quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, as persoas con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.



8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias deben de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DOS PREMIOS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro dos premios e de perda do dereito de cobro:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrar á universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. PUBLICIDADE DOS TRABALLOS

Coa autorización expresa das autoras e autores, a Unidade de Igualdade poderá publicar na súa web os traballos premiados facendo constancia sempre da súa autoría.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf

